

## 11.4.2 O CONCELLO DE IRIXOA NO PROTOCOLO DE SECA

Para o caso concreto do concello de IRIXOA o Alcalde-Presidente terá capacidade para a declaración no termo municipal de IRIXOA de situación excepcional no caso de que lle conste que concorren as devanditas circunstancias no concello ou existan situacións de desabastecemento grave de nalgúns dos núcleos do concello.

O concello de IRIXOA poderá establecer un sistema de control de indicadores propio e xustificar razoadamente a aplicación de niveis mais restritivos de avaliación dos niveis de gravidade da situación de seca.

### 11.4.2.1 Sistema de Indicadores

Fase	Descripción	Indicador	Límite (condición desencadeante)
Normalidade	Nivel depósito	Nivel por enriba dos valores medios históricos	Alarma nivel medio baixo continuo
Prealerta	Niveles tres subsistemas	Niveles dos tres sistemas por debaixo dos valores medios con mínimos continuados	Alarma telecontrol niveles baixos continuados
Alerta	Falta de capacidade de resposta en almacenamento	Coincidencia nos tres subsistemas	Control de produccions baixas dos mananciais
Emerxencia	Sen recurso en ningun dos tres subsistemas	Coincidencia nos tres subsistemas	Control verificado de baixa-nula producción dos mananciais